

Xuño 2017

A CIG-ENSINO considera ridícula a oferta de FP que ven de presentar a Consellaría de Educación na Comisión Permanente do Consello Xeral de FP

Remarca o inmovilismo da Xunta coas demandas propostas para fomentar a FP e denuncia que se limite a oferta en centros públicos mentres se potencia nos centros privados

A Xunta de Galiza presentou na comisión permanente do Consello Galego de Formación Profesional a proposta de oferta de formación profesional para o vindeiro curso académico. Do documento presentado cabe destacar a perda de ciclos formativos co que nos chegou este ano a Consellaría, xa que, unha vez desbotados os Ciclos Básicos de Formación profesional, o cómputo de ciclos nas súas diferentes modalidades (Presencial Ordinaria e de adultos e semipresencial e a distancia) desmonta a propagandística oferta da consellaría, pois son 21 ciclos os que suprimen fronte aos 17 ciclos que se crean.

Cabe salientar casos como os do IES Gregorio Fernández de Sarria, ao cal non lle autorizan a creación do ciclo de "Asistencia á dirección" na modalidade de adultos porque "non hai empresas para realizar a FCT"; ou o caso do IES Terra Chá de Castro de Ribeiras de Lea en Lugo que, contando co informe favorábel por parte da Inspección Educativa e logo de ter ofertado dende hai mais dun mes o "Ciclo Medio de Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural" é agora a Consellaría quen lle comunica que non lle van conceder este ciclo por motivos económicos aínda cando mesmo puideran acadar unha elevada matrícula.

Noutros casos a Consellaría agóchase tras un "non hai alumnado suficiente" para limitar a oferta de ciclos nos centros

de ensino secundario aínda cando nos se pechou a matrícula, como no caso do IES de Foz que, por este motivo, ve como para o vindeiro curso académico non poderá ofertar o ciclo de Márke-ting.

No caso do **Ciclo Superior de Promoción de Igualdade de Xénero**, en contra do criterio expresado pola CIG-ENSINO, só autorizan 1 en todo o país (no CIFP Xunqueira en Pontevedra) aludindo a dificultade que poderían ter coa inserción laboral deste alumnado, amosando realmente a falta de planificación coa que se fixo a oferta formativa de FP do curso académico 2017-18. **Sen embargo, no DOG de hoxe, 23 de xuño, autorízase a impartición deste mesmo Ciclo Formativo nun centro privado da cidade da Coruña pero denégaselle ao CIFP Portovello de Ourense e ao IES A Leixa de Ferrol.**

No que ten a ver coa oferta modular, a Consellaría mesmo parece que fai unha oferta bianual, mais que modular, pois na gran maioría dos ciclos, ofertan módulos alternativamente un ano si e outro non, como se dun 1º e 2º curso se tratase, co impedimento que supón para a continuidade na matrícula. Dende a CIG-ENSINO esixímoslle á Consellaría que faga sempre a oferta modular completa.

Así mesmo, consideramos un despropósito o tempo que nos deron ás OO.SS. para o estudo da oferta (3 días hábiles),

así como as xustificacións que empregaron tanto para os casos das supresións de ciclos, como nos casos de Formación Profesional Dual nos que temos o coñecemento de que é o propio alumnado o que abandona o ciclo ao sentirse "explotado laboralmente" no canto de "formado" na empresa.

Xa para rematar, a CIG-ENSINO quere instar a Consellaría a que dunha vez por todas comece a tomarse en serio a Formación Profesional e elabore un mapa real de FP no cal se atendan as demandas reais dos segmentos do tecido produtivo que interesan como país: agricultura, gandería, a explotación forestal integrada (aproveitamento silvopastoril do monte combinado con gandería en extensivo, etc), as enerxías renovábeis, a pesca e o naval, os servizos socioculturais e á comunidade (cunha altísima taxa de poboación envellecida, de problemas coa conciliación da vila laboral e familiar, etc) e mesmo un estudo en clave de prospectiva laboral.

É evidente que a consellaría achegounos "unha cativa oferta Galega de Formación Profesional", no canto dunha "oferta de formación profesional Galega", pensada en clave de País: dende Galiza e para Galiza. Como CIG-ENSINO seguiremos porfiando por darlle a relevancia que merece á FP fronte á desidia e o falta de planificación integral da Consellaría.

CICLOS QUE SE SUPRIMEN PARA O CURSO 2017-2018

N	CONCELLO	CENTRO	CICLO	MODALIDADE
1	A CORUÑA	CIFP SOMESO	CS ORGANIZACIÓN E CONTROL DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN	ORDINARIA
2	A CORUÑA	CIFP SOMESO	CM INSTALACIÓN E AMOBLAMENTO	MODULAR COMPLETO
3	A CORUÑA	CIFP PASEO DAS PONTES	CS DIRECCIÓN DE SERVIZO DE RESTAURACIÓN	MODULAR COMPLETO
4	A CORUÑA	CIFP SOMESO	CS PROXECTOS DE OBRA CIVIL	MODULAR NON COMPLETO
5	AS PONTES	IES MONCHO VALCARCE	CS LABORATORIO DE ANÁLISE E DE CONTROL DE CALIDADE	ORDINARIA
6	BETANZOS	IES AS MARIÑAS	CS PROXECTOS DE EDIFICACIÓN	ORDINARIA
7	CAMBADOS	IES RAMÓN CABANILLAS	CM ACEITES DE OLIVA E VIÑOS	ORDINARIA
8	CASTRO DE REI	IES DA TERRA CHA	CS PAISAXISMO E MEDIO RURAL	ORDINARIA
9	MARIÑ	IES CHAN DO MONTE	ZM INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN DE CALOR	MODULAR NON COMPLETO
10	MONDOÑEDO	IES PLURILINGÜE SAN ROSENDO	CM APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	MODULAR NON COMPLETO
11	MONFORTE	IES FRANCISCO DAVIÑA REY	CM INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS E AUTOMÁTICAS	ORDINARIA
12	MONFORTE	IES A PINGUELA	ZM SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS E DE REDES	MODULAR NON COMPLETO
13	O GROVE	IES MONTE DA VILA	CM SISTEMAS MICROINFORMÁTIVOS E REDES	ORDINARIA
14	COMPOSTELA	IES AS FONTIÑAS	CS PROXECTOS DE EDIFICACIÓN	MODULAR NON COMPLETO
15	COMPOSTELA	IES AS FONTIÑAS	CS PROXECTOS DE OBRA CIVIL	MODULAR NON COMPLETO
16	COMPOSTELA	IES LAMAS DE ABADE	CS FARMACIA E PARAFARMACIA	MODULAR NON COMPLETO
17	COMPOSTELA	IES SAN CLEMENTE	ZS DESEÑO E APLICACIÓNS WEB	A DISTANCIA
18	SILLEDA	IES PINTOR COLMEIRO	CM ACTIVIDADES COMERCIAIS	ORDINARIA
19	VIGO	CIFP MANUEL ANTONIO	ZS FABRICACIÓN DE PRODUTOS FARMACÉUTICOS, BIOTECNOLÓXICOS E AFÍNS	MODULAR NON COMPLETO
20	VIGO	CIFP PAZ ANDRADE	ZS EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍA SOLAR TÉRMICA	MODULAR NON COMPLETO
21	VIGO	CIFP MANUEL ANTONIO	ZS LABORATORIO DE ANÁLISE E DE CONTROL DE CALIDADE	DISTANCIA
22	A CORUÑA	CIFP SOMESO	CS ORGANIZACIÓN E CONTROL DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN	ORDINARIA

NOVA OFERTA FORMATIVA EN FP

N	CONCELLO	CENTRO	CICLO	Observacións
1	AS PONTES	IES CASTRO DA UZ	CS ADMINISTRACIÓN E FINANZAS	ORDINARIO
2	CAMBADOS	IES RAMÓN CABANILLAS	CS VITIVINICULTURA	ORDINARIO
3	CASTRO DE REI	IES DA TERRA CHÁ	CM APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	ORDINARIO
4	CORUÑA	CIFP SOMESO	CM INSTALACIÓNS E AMOBLAMENTO	MODULAR NON CICLO ENTEIRO
5	ILLA DE AROUSA, A	IGafa	CM OPERACIÓNS SUBACUÁTICAS E HIPERBÁRICAS	ORDINARIO
6	MONDOÑEDO	IES SAN ROSENDO	CM XARDINERÍA E FLORARÍA	ORDINARIO
7	NIGRÁN	IES ESCOLAS PROVAL	CS SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓNS E INFORMÁTICOS	ORDINARIO
8	O GROVE	IES MONTE DA VILA	CM SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS E REDES	ORDINARIO
9	OURENSE	IES DE VILAMARÍN	ZS XESTIÓN DE ALOXAMENTOS TURÍSTICOS	MODULAR NON CICLO ENTEIRO
10	PONTEVEDRA	CIFP A XUNQUEIRA	CS DESEÑO E AMOBLAMENTO	ORDINARIO
11	PONTEVEDRA	CIFP A XUNQUEIRA	CS PROMOCIÓN DE IGUALDADE DE XÉNERO	ORDINARIO
12	SANTIAGO	IES AS FONTIÑAS	PROXECTOS DE EDIFICACIÓN	MODULAR ENTEIRO
13	SANTIAGO	CIFP POLITÉCNICO	DESEÑO E AMOBLAMENTO	A DISTANCIA
14	SANTIAGO	CIFP POLITÉCNICO	CS DESEÑO E AMOBLAMENTO	ORDINARIO
15	VIGO	CIFP MANUEL ANTONIO	ANATOMIA PATOLÓXICA E CITODIAGNÓSTICO	MODULAR NON CICLO ENTEIRO
16	VILALBA	IES LOIS PEÑA NOVO	CM ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA	ORDINARIO
17	VILAMARÍN	IES DE VILAMARÍN	ZS XESTIÓN DE ALOXAMNETOS TURÍSTICOS	MODULAR NON CICLO ENTEIRO

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda de Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal